

AYUNTAMIENTOS

CANGAS

ANUNCIO

Aprobado polo Concello pleno de Cangas en sesión realizada o día 28 de xaneiro de 1995, e para a súa entrada en vigor, faise público o

“REGULAMENTO MUNICIPAL DE PARTICIPACION VECIÑAL DO CONCELLO DE CANGAS

INTRODUCCION

— Correspóndelles ós poderes públicos facilita-la participación de tódolos cidadáns na vida política, económica, cultural e social.

— Os cidadáns teñen dereito a participaren nos asuntos públicos directamente ou por medio de representantes, libremente elixidos en eleccións periódicas por sufraxio universal.

O Concello de Cangas pretende desenvolver unha normativa que regule a participación dos seus veciños co recoñecemento expreso do dereito de todos eles e das entidades, nas que estean organizados, nomeadamente as asociacións veciñais e as súas federacións, as sociedades deportivas, culturais, sindicais, profesionais, empresarias etc..., que representan o elemento vertebrador dunha colectividade.

Participación e descentralización que, xunto coa eficacia e transparencia, permiten a un concello aberto e democrático, poñe-la actuación ó servicio dos intereses de tódolos veciños, que senten o deber cívico de cooperaren coa institución municipal na mellora das súas condicións de vida e no progreso socio económico da súa vila.

Esta cooperación atopa o seu axeitado encadramento na descentralización e na información, motivadoras, ámbalas dúas, do achegamento da cidadanía coa Administración local, na procura dunha mais axil resposta ós problemas cotiás.

DISPOSICIONS XERAIS

Artigo 1.—O obxecto do presente regulamento é o establecemento das formas, medios e procedementos de información e participación da veciñanza e as entidades veciñais na xestión municipal. Esta participación farase dentro do disposto na lexislación vixente.

Artigo 2.—Os obxectivos que se pretenden acadar co presente regulamento son os seguintes:

— Facilitar e promove-la iniciativa e participación da veciñanza nas súas organizacións específicas, sen menoscabo das competencias legalmente atribuídas ós órganos establecidos pola lei.

— Crea-los órganos e mecanismos que^o garantan as posibilidades de consulta da veciñanza.

— Fomenta-lo asociacionismo.

— Achega-la xestión municipal á veciñanza.

— Garanti-la solidariedade e equilibrio entre as distintas parroquias e barrios.

TITULO I.— DOS DEREITOS VECIÑAIS

CAPITULO 1.— DOS DEREITOS XERAIS

Artigo 3.— A veciñanza ten o dereito a participar nos asuntos públicos, directamente ou por medio de representantes libremente elixidos, en eleccións periódicas, por sufraxio universal, ou, no seo de organizacións e asociacións, de acordo coas disposicións legais vixentes.

Artigo 4.—Nos termos regulados pola lei e o presente regulamento establecerase:

1º— A audiencia á cidadanía no procedemento de elaboración das disposicións administrativas que lle afecten.

2º—O acceso ós arquivos e rexistros administrativos, na procura dos datos que lle atinxen.

Artigo 5.—A veciñanza ten o dereito de pedimento de información individual ou colectivo, por escrito, na forma e cos efectos que determine a lei.

Artigo 6.—Os veciños teñen dereito ó uso e utilización dos bens instalacións e servicios públicos municipais, que se regularán polas súas disposicións específicas.

Artigo 7.—Os veciños teñen o dereito a ser informados, previo pedimento razoado, e dirixir solicitudes á Administración municipal, verbo de tódolos expedientes e documentación municipal, amais da aplicación do artigo 35 a).

Artigo 8.—O concello promoverá o papel activo da veciñanza, sen que poida establecer ou prevalecer ningunha discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Artigo 9.—O concello facilitará unha ampla información da súa actividade e a participación da veciñanza e os seus colectivos na vida local e nas tarefas públicas e notificará da forma prevista pola lei, os acordos adoptados pola corporación.

Artigo 10.—O concello facilitará igualmente a obtención de copias e certificacións acreditativas dos acadados polos órganos colexiados.

Artigo 11.—Os veciños con carácter xeral teñen dereito a seren atendidos polo órgano pertinente, e formularen reclamacións, e a recibiren información particular.

Artigo 12.—Os veciños teñen dereito específico ó recoñecemento do principio de igualdade dos sexos e ó uso non sexista da linguaxe administrativa.

Para tal efecto o concello normalizará todos aqueles documentos, circulares, impresos e formularios coa finalidade de facer realidade este dereito na linguaxe referente á veciñanza.

CAPITULO 2.—CONSULTA VECIÑAL

Artigo 13.—Consonte coa lexislación estatal ou autonómica, chegado o caso, o alcalde, previo acordo por maioría absoluta do Pleno e autorización do Goberno da nación, poderá someter a consulta veciñal aqueles asuntos de competencia propia municipal e de carácter local que sexan de especial relevancia para os intereses da veciñanza, agás os relativos á Facenda local.

Tamén se poderá celebrar consulta veciñal, debendo estar avalado este pedimento por un mínimo non inferior ó 5% do censo electoral municipal.

TITULO II.—DAS ASOCIACIONES VECIÑAIS E DO SEU REXISTRO MUNICIPAL

CAPITULO 1.—DAS ASOCIACIONES VECIÑAIS

ARTIGO 14.—A Corporación local favorecerá o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses colectivos xerais e sectoriais da veciñanza.

Artigo 15.—O concello poderá declarar de utilidade pública e interese social as asociacións veciñais.

Artigo 16.—O concello poderá, previo acordo plenario, subvencionar os proxectos de actividades das asociacións veciñais, previa aprobación de bases e concurso oportunos.

O orzamento municipal incluíra unha partida, en todo caso non inferior ó 1% do mesmo, destinada a subvencións e fomento do asociacionismo. Nas bases de execución dos orzamentos, así como nas reguladoras de subvención explicitáranse os criterios obxectivos de distribución das axudas ás entidades.

Artigo 17.—Estas asociacións poderán acceder ó uso de medios públicos municipais, coas limitacións que imponha a coincidencia do seu uso por parte de varias delas e polo propio concello, e serán responsables do trato dado ás instalacións, do seu coidado e mantemento en bo estado de conservación.

O uso deberá ser solicitado por escrito ó concello, coa antelación que se estableza polos servizos correspondentes. Para racionalizar o emprego destes medios, elaboráranse disposicións municipais que garantan a ecuanimidade e a responsabilidade no seu uso.

Artigo 18.—As devanditas entidades, sempre que o soliciten, expresamente, poderán:

a) Recibir no seu domicilio social as convocatorias dos órganos colexiados municipais que celebran sesión pública, cando na orde do día figuren cuestións relacionadas co obxecto social da entidade. Nos mesmos supostos recibirán as resolucións e acordos adoptados polos órganos municipais.

Artigo 19.—A participación destas asociacións só se admitirá en relación cos órganos deliberantes ou consultivos, agás nos casos nos que a lei autorice a integración dos seus representantes en órganos decisivos.

Artigo 20.—En particular, implementará programas, en colaboración con outras institucións, en contra da exclusión social, o racismo e a xenofobia.

CAPITULO 2.—DO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIONES VECIÑAIS

Artigo 21.—1.—Os dereitos recoñecidos ás asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais da comunidade veciñal, só serán exercitables por aquelas que se atopen inscritas no Rexistro municipal de asociacións veciñais e estean en activo.

2.— O rexistro ten por obxecto permitirle ó concello coñecer o número de entidades existentes no municipio, os seus fins e a súa representatividade, para os efectos de posibilitar unha política municipal de fomento do asociacionismo e participación veciñal, baixo criterios de obxectividade, imparcialidade e equidade.

3.— Poderán obter a inscrición no Rexistro municipal e asociacións cidadás todas aquelas que teñan coma finalidade a defensa, fomento ou mellora dos intereses xerais ou sectoriais, veamos do concello, e, en particular, as asociacións veciñais, as de nais e pais do alumnado, culturais, deportivas, recreativas, xuvenís, empresariais, profesionais, acoloxistas e outras semellantes e as súas federacións.

4.— O rexistro levarase na Secretaría xeral da corporación e os seus datos serán públicos. As inscricións realizaranse motivadas polo pedimento expreso das asociacións interesadas, que terán que aportar os datos seguintes:

- a) Estatutos.
- b) Número de inscrición no Rexistro xeral de asociacións ou noutro rexistro público.
- c) Nome das persoas que ocupen os cargos directivos.
- d) Domicilio social.
- e) Orzamento do ano en curso.
- f) Programa de actividades no decurso do ano.
- g) Certificación do número de socios.

No prazo de 15 días desde a solicitude de inscrición, e agás que este se puidera interromper pola necesidade de aportar documentación non incluída inicialmente, o concello notificará á asociación o seu número de inscrición e a partir dese intre considerárase de alta a tódolos efectos.

As asociacións inscritas están obrigadas a notificaren ó Rexistro tódalas modificacións dos seus datos dentro do mes seguinte ó que se produza.

O orzamento e o programa anual de actividades comunicaranse no mes de xaneiro de cada ano.

O incumprimento destas obrigas contempladas no presente regulamento suporá que o concello poida incoar expediente administrativo para os efectos que se estimen oportunos.

TITULO III.—DA INFORMACION E PARTICIPACION VECIÑAL

CAPITULO 1.—DA INFORMACION DOS ORGANOS MUNICIPAIS

Artigo 22.—As sesións do Pleno da corporación local son públicas; sen embargo, poderán ser secretos os debates e votacións de todos aqueles asuntos que poidan afectar o dereito fundamental a que se refire o artigo 18.1 da Constitución Española, cando así se acorde por maioría absoluta.

Artigo 23.—1.— Cando algunha asociación inscrita no Rexistro municipal de asociacións veciñais, dexese efectuar unha exposición perante o Pleno en relación con algún punto da orde do día no que na previa tramitación administrativa interviria como interesada, deberá solicitalo ó alcalde antes de comeza-la sesión, cunha antelación mínima de 24 horas. Coa autorización do alcalde ou do Pleno e a través dun único representante, poderá expoñe-lo seu parecer con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluía na orde do día. En todo caso —sempre fóra da sesión— ou suspendida a mesma.

2.—Rematada a sesión do Pleno, o alcalde poderá establecer unha quenda para que o público asistente que teña interese en temas concretos sobre a problemática municipal poida formular preguntas e rogos. Correspóndelle ó alcalde ordenar e pecha-la quenda, podendo respostar por escrito ou oralmente ás preguntas.

Artigo 24.—1.— As convocatorias e ordes do día das sesións de Pleno transmitiránselle ós medios de comunicación social da localidade e faranse públicas no taboleiro de anuncios da entidade.

2.—A corporación dará publicidade resumida do contido das sesións plenarias e de tódolos acordos do Pleno e da Comisión de Goberno, así como das resolucións do alcalde e das que pola súa delegación dicten os delegados, así como da xestión municipal.

3.—O concello poderá utilizar outros medios para a divulgación dos acordos, bandos, etc.

Artigo 25.—Non son públicas as sesións de Comisión de Goberno nin as das Comisións Informativas. Sen embargo, e antes de comeza-las sesións destas últimas, os presidentes ou a maioría dos membros das mesmas poderán convocar para recaba-la súa opinión ou recibi-lo seu informe respecto dun tema concreto, ós representantes das asociacións inscritas no Rexistro municipal.

Artigo 26.—Nos regulamentos ou estatutos dos órganos desconcentralizados para a xestión de servizos (padroados ou calquera outro organismo autónomo municipal) aprobados polo Pleno, poderase acorda-la conveniencia de obter un maior grao de participación veciñal na actividade de prestación dos servizos. A tal xeito contemplárase a presenza de asociacións sectoriais e veciñais.

Artigo 27.—1.— Na organización administrativa do concello existirá unha oficina de información que será a canle para toda a actividade informativa e publicitaria da Administración local.

2.—A obtención de copia e certificacións acreditativas dos acordos municipais ou antecedentes dos mesmos, así como a consulta de arquivos e rexistros, solicítanse na devandita oficina que, de oficio, realizará as xestións que sexan precisas para que o solicitante obteña a información requirida no prazo máis curto posible e sen que isto supoña atranco para as tarefas dos servizos municipais.

3.—A formulación de queixas e reclamacións farase tamén perante a mesma oficina.

4.—Os pedimentos de información deberán ser razoados, agás as que se refiran á obtención de certificacións de acordos ou resolucións que, en todo caso, poderán ser obtidas mediante o aboamento da taxa correspondente. Exemírase do pagamento das taxas as asociacións sen ánimo de lucro.

Artigo 28.—1.— As solicitudes da veciñanza pedindo aclaracións ou actuacións municipais, dirixidas a calquera órgano municipal, cursaranse necesariamente por escrito, e serán contestadas nos termos previstos na lexislación reguladora do procedemento administrativo.

CAPITULO 2.—DOS ORGANOS DE PARTICIPACION VECIÑAL

Artigo 29.—Os consellos sectoriais e os consellos parroquiais son os órganos específicos de participación veciñal na xestión dos asuntos locais.

Artigo 30.—A finalidade destes consellos é propoñer, asesorar, orientar, así como instancia, consulta e colaboración co concello, canalizando a participación veciñal e das súas asociacións nos asuntos municipais.

Artigo 31.—A composición, organización e ámbito de actuación dos consellos sectoriais, estableceranse por acordo plenario.

Artigo 32.—Os consellos parroquiais son órganos de representación territorial. Recoñecendo de seu como entidade básica local á parroquia. A súa función é o asesoramento, orientación, instancia e consulta da xestión municipal, así como a xeral de colaborar co concello, no seu respectivo eido, facilitando a participación veciñal no seu ámbito territorial.

Artigo 33.—A composición, organización e ámbito territorial dos consellos parroquiais estableceranse polo Pleno.

DISPOSICIONS ADICIONAIS

1ª) O presente regulamento está suxeito ás modificacións pola propia evolución da sociedade, da estrutura organizativa do propio concello e a adecuación ó marco normativo cambiante, sendo o Pleno quen adopte o acordo.

DISPOSICIONS TRANSITORIAS

1ª) Os regulamentos e os estatutos dos órganos complementarios municipais revisaranse e reformaranse, se é o caso, nun prazo máximo de un ano.

2ª) Constituiranse os órganos específicos de participación veciñal nun prazo máximo de seis meses despois da aprobación plenaria.

3ª) No último trimestre de cada ano natural o concello emitirá un informe sobre o movemento veciñal e revisará o Rexistro municipal de asociacións, que estará aberto a posibles incorporacións en todo o ano.

DISPOSICION DERRADEIRA

Este regulamento entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da provincia.”

Cangas, 21 de agosto de 1995.—O Alcalde-Presidente, Euloxio López Gutiérrez. 10107

* * *

RIBADUMIA

A N U N C I O

Advertido erro na publicación das Normas Subsidiarias do Concello de Ribadumia, levada a cabo no “Boletín Oficial” da provincia número 21, de 31 de xaneiro de 1995, procédese, de novo, a súa publicación íntegra, unha vez aprobadas definitivamente pola Comisión Provincial de Urbanismo da Xunta de Galicia, con data de 20 de setembro de 1990, en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Ribadumia, a 21 de xullo de 1995.—O Alcalde, ílexible.

1. MEMORIA DE ORDENACION

1.1. FINALIDADE DAS NORMAS SUBSIDIARIAS MUNICIPAIS.

As presentes Normas teñen como fin a Ordenación do Réxime do Solo e o desenvolvemento urbano no ámbito do Termo Municipal de Ribadumia.

1.1.1. *Determinacións legais e contido das Normas. Características xerais.*

Esta ordenación realízase sobre a base das determinacións que a Ley do Solo establece para as Normas Subsidiarias do Planeamento, así como das que para o seu desenvolvemento e aplicación se establecen no Regulamento de Planeamento aprobado polo R. D. 2159/1978, de 23 de xuño. Igualmente no documento de Normas Subsidiarias téñense en conta as determinacións dimanadas da Lei 11/85, de 22 de agosto de Adaptación da do Solo a Galicia e da Circular do 1 de marzo de 1987 da Dirección Xeral de Ordenación Territorial, Urbanismo e Medio Ambiente.

O sinalar a Lei do Solo, nos artigos 70.2, 70.4, e 71.5 a posibilidade de que as Entidades Locais con competencia para a redacción de Plans Xerais, formulen Normas Subsidiarias destes de acordo coas súas determinacións e extremos, terán que facerse co grado de precisión axeitado á substitución dos mesmos, así como a de urbanizar óamparo das Normas (art. 71-3 da Lei do Solo e art. 91-b e 93 do Regulamento de Planeamento).

1.2. DIAGNOSTICO DA SITUACION URBANISTICA.

1.2.1. *Estado actual do territorio municipal.*

Como consecuencia do recoñecemento do territorio efectuado na Información Urbanística, procédese a formula-la valoración do estado no que se encontra o territorio, en relación ós usos xenéricos existentes.

- Usos primarios: agrícolas-forestais.

E destacable a existencia de importantes zonas destinadas a estes usos, principalmente ó agrícola. Para esta finalidade no Termo Municipal de Ribadumia practícase a Concentración Parcelaria nas parroquias de Barrantes, Ribadumia, Leiro, Sisán e Besomaño. Por contra cabe destacar a de Lois na que non se practica a Concentración; dende a data incidiron nos terreos agrícolas de modo notorio factores degradantes. Neste ámbito do documento pártese da súa consideración como espazos naturais fráxiles referido fundamentalmente ás zonas agrícolas, ás de riqueza forestal e á conca do río Umia.

- Usos residenciais permanentes.

Os usos residenciais presentan xunto a unha certa estrutura xerárquica, unha distribución espacial nítida.

Esta observación é máis acusada no cruce dos eixes das estradas Barrantes-Cambados e Noalla-Caldas de Reis, sobre o que se asenta o núcleo de Barrantes que é o máis importante dos ubicados no ámbito do Termo Municipal.

Ademais defínense uns Núcleos Rurais Existentes de Carácter Tradicional, nos que os terreos comprendidos no seu ámbito clasifícanse na Norma como Solo Urbán. Ademais, as Normas, tamén contemplan un Solo Apto para Urbanizar localizado en Santa Eulalia.